

Concepción Vilas Cantelar, secretaria accidental do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 12 de abril de 2017, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

“PUNTO CUARTO.- ADJUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DA OBRA PAVIMENTACIÓN ALDEA DA MÁMOA E INTERIORES (TAPIA) E BARREIRO.-

O señor alcalde informa á Xunta de Goberno Local da lista por orde decrecente da puntuación e proposta de adjudicación que formula a Mesa de Contratación no procedemento aberto para a adjudicación das obras “Pavimentación aldea da Mámoa e interiores (Tapia) e Barreiro”.

O acordo de clasificación de ofertas e requirimento de documentación foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar e aos demais participantes no procedemento de contratación.

Unha vez presentada polo clasificado en primeiro lugar a documentación establecida no artigo 151 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, resulta procedente adjudicar a dita obra.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 480/2016), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- A exclusión do procedemento da empresa Construcciones Leonardo Miguélez, S.L. por non xustificar a súa oferta económica que estaba considerada como temeraria.

Segundo.- Adjudicar a realización da obra de “Pavimentación aldea da Mámoa e interiores (Tapia) e Barreiro” á empresa Excavaciones Ovidio S.L., con CIF B-15.356.090, e nas seguintes condicións:

A.- Prezo: O importe da oferta do dito licitador ascende á contía de vinte e nove mil novecentos oitenta e catro euros e sesenta e cinco céntimos (29.984,65.- €) sen IVE.

B.- IVE repercutible: A contía do IVE repercutible ao tipo do 21% ascende a contía de seis mil douscentos noventa e seis euros e setenta e oito céntimos (6.296,78.- €),

C. Prazo de execución: O prazo de execución do contrato será de 6 meses, contados a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación de replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo.

D.- Nomear como director de obra e coordinador de seguridade e saúde da obra de “Pavimentación aldea da Mámoa e interiores (Tapia) e Barreiro” ao enxeñeiro de camiños, Julio C. Rojo Martínez, da empresa Estudio Técnico Gallego S.A.

E.- Resto de condicións: O adjudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polos que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Terceiro.- Facultar ao señor alcalde, para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.”

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e prace do señor alcalde en Ames, a 12 de abril de 2017, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e prace
O alcalde

A secretaria accidental

José M. Miñones Conde

Firmado por ENTIDAD CONCELLO DE
AMES - CIF P15002001 - NOMBRE
VILAS CANTELAR CONCEPCION - NIF
34898478A
Fecha: 19/04/2017 09:29:19 CEST